Resumo da Unidade 1. DA PREHISTORIA Á IDADE MEDIA (1ª quincena, 1ª semana)

As raíces da Historia do que hoxe é España remóntanse á Prehistoria, cando os primeiros home habitaron a Península Ibérica. A relación dos primeiros habitantes con outros pobos que inmigraron ou invadiron a Península foron configurando distintos comunidades que, a finais do nosa era, foron dominadas polos romanos. Os romanos unificaron politicamente o territorio e impuxeron a súa civilización.

Coa caída do Imperio Romano, no século V, comezou a Idade Media. Os bárbaros invadiron a Península e formaron reinos coma o suevo no noroeste e o visigodo en toda a Península.

No século VIII os musulmáns ocuparon a Península, agás o Norte. O conxunto do territorio controlado polos musulmáns denominouse Al-Ándalus, cunhas fronteiras variables ao longo dos oito séculos que exerceron o poder en parte da Península. A contribución da cultura e da economía andalusí perdura ata hoxe. Nos núcleos cristiáns do norte da Península foron creándose distintos reinos (Portugal, Castela-León, Navarra, Aragón) que se expandiron cara o sur nun longo proceso de conquista e repoboación. Nestes reinos desenvolveuse unha sociedade feudal na que a minoría privilexiada, formada pola nobreza e o clero, dominaba e explotaba á maioría da poboación.

Os séculos finais da Idade Media caracterizáronse pola crise económica e social, que provocou un aumento dos conflitos sociais, que terían unha importante manifestación en Galicia coa Revolta Irmandiña.

1. As pegadas das primeiras culturas e a dominación romana na Península

- A prehistoria

Os achados de homínidos máis antigos atopáronse no importante depósito de Atapuerca, o máis antigo de hai 1.200.000 anos de antigüidade (homo antecesor). No Paleolítico os homínidos vivían en pequenas comunidades nómades, cazando e recolectando o que lles ofrecía a natureza. As distintas etapas deste período establécense en función dos útiles de pedra.

Hai uns 10.000 anos comezou o Neolítico. Algunhas comunidades comezaron a cultivar e a domesticar animais, podendo así facerse sedentarios. Tamén apareceron a cerámica, o tecido e as relacións comerciais.

No IV milenio comezouse a usar a metalurxia (cobre e bronce). As comunidades fixéronse cada vez máis desiguais, cunha minoría militar dominante, aparecendo o poder político organizado, e os núcleos urbanos.

Durante o Neolítico (3.000-1.100 a.C.) desenvolveuse na actual Galicia a arquitectura megalítica (dolmens). A partir do s. VIII iniciouse a cultura castrexa que tivo como elemento principal os castros, poboados fortificados nos altos.

- Historia Antiga: a romanización

Antes da invasión romana fenicios e gregos tiñan fundado colonias na costa mediterránea. No resto da Península vivían distintas tribos en dous grandes conxuntos: iberos na costa mediterránea e celtíberos no resto do territorio.

Os romanos invadiron a Península no 218 a.C. como un episodio máis da guerra contra Cartago. Tardaron 200 anos en conquistar toda a Península con episodios destacados coma o asedio de Numancia.

A civilización romana impúxose, con aspectos fundamentais como a lingua, a urbanización, as obras públicas, a relixión... A partir do século III espallouse o cristianismo.

Os romanos conquistaron a futura provincia da Gallaecia durante as Guerras Cántabras (29-19 a.C.) na procura de minerais (as Médulas).

2. A pluralidade política e cultural da Península na Idade Media: Al-Ándalus e os reinos cristiáns. Formas de vida e intercambio cultural. A ocupación do territorio e as consecuencias socioeconómicas. Trazos da Galicia feudal.

- Os reinos xermánicos

A caída do Imperio Romano foi seguida da entrada dos pobos bárbaros xermánicos. Na Península os suevos formaron un reino no noroeste e, máis tarde os visigodos unificaron baixo o seu dominio toda a Península, baixo unha monarquía católica moi inestable politicamente.

- Al-Ándalus

No 711 os musulmáns cruzaron o estreito de Xibraltar e conquistaron facilmente a Península, aínda que deixaron sen ocupar as rexións montañosas do Norte, onde se asentaron algúns nobres visigodos. A relativa tolerancia cos cristiáns (mozárabes) e xudeus (tiñan que pagar un imposto especial, a yizya) facilitou a conquista.

En Al-Ándalus se estableceu un poder practicamente independente do resto do mundo islámico. A etapa de maior esplendor foi a do Califato de Córdoba (929-1035) que rematou disgregándose en reinos chamados taifas, vulnerables fronte ao avance dos reinos cristiáns. Para frealos chegaron do Magreb os almorábides e, máis tarde, os almohades. A derrota destes fronte a Castela na batalla das Navas de Tolosa (1212) acelerou o retroceso islámico, pero o reino de Granada aínda se mantivo ata 1492.

Aínda que a agricultura e a gandaría eran as actividades máis importantes, o máis destacable foi o pulo que acadaron a artesanía e o comercio. O tamaño e número das cidades contrastaba co mundo rural cristián.

- Os reinos cristiáns

Nas montañas do Norte foron creándose novos núcleos de poder cristián que progresivamente avanzaron cara o sur, na mal chamada Reconquista. Na conquista tivo un papel moi importante o descubrimento do sepulcro do apóstolo Santiago e a formación do Camiño. Á conquista foi acompañada da repoboación, con distintas formas, para consolidar o control do territorio e defenderse das razzias musulmás. A maneira de facerse a repoboación tivo unhas consecuencias duradeiras na estrutura estrutura social e económica das distintas zonas (presura, concellos, señores).

No século XIII o territorio cristián estaba dividido nos seguintes reinos: Portugal, Castela, Navarra e a Coroa de Aragón.

En Castela a gandaría ovina tivo unha gran importancia (Mesta). Os mercadores barceloneses crearon unha rede comercial no Mediterráneo, impulsando así as conquistas da Coroa de Aragón (Baleares, Sardeña, Sicilia, etc.). As ricas hortas de Valencia e Murcia seguiron a ser traballadas polos campesiños musulmáns, os mudéxares.

A sociedade feudal cristián caracterizábase pola división en estamentos, dous privilexiados (nobreza laica e clero), e un non privilexiado formado pola gran maioría do pobo dependente e explotado. Á marxe situábanse os xudeus e os mudéxares. E aínda nun banzo máis baixo estaban as prostitutas, os mendigos, as prostitutas...

A importancia da cultura cristián foi inferior á musulmá. Na difusión cultural tivo un papel clave o Camiño de Santiago, poñendo en contacto Europa e a Península. O esplendor cultural viviuse a partir do s. XII, cando se comezou a escribir nas linguas romances (Cantigas galegas) e Alfonso X crea a Escola de Tradutores de Toledo, onde conflúe a cultura cristiá, xudía e musulmá.

- A crise da Baixa Idade Media

Os séculos XIV e XV estiveron marcados pola crise demográfica (fames, pestes...), económica (redución das terras cultivables), aínda que a gandaría da Mesta e o comercio medraron significativamente, social (levantamentos campesiños e urbanos, pogroms) e políticos (guerras entre nobres e monarcas)

- Galicia feudal

En Galicia, ao tempo que se estendía o cristianismo, fóronse creando parroquias, que se van converter nunha institución fundamental para a vida campesiña, non só desde o punto de vista relixioso.

A aldea foi o núcleo básico do poboamento e non foi ata o século XII cando as cidades acadaron certa importancia (sés episcopais, portos...).

Desde principios da Idade Media conformouse unha sociedade feudal, baixo o dominio de nobres laicos e eclesiásticos (bispos, abades). En Galicia destacou o poder do clero (mosteiros cistercienses). O contrato do foro era o instrumento básico do control dos señores sobre os campesiños.

A crise da Baixa Idade Media manifestouse en Galicia coa Revolta Irmandiña (1467-69). Fronte aos abusos e violencia dos señores laicos e os bispos erguéronse os cidadáns e os campesiños, derrubando 140 fortalezas. Os irmandiños acabaron sendo derrotados polos señores.